



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 06/11/2018



PARLAMENTO
DE GALICIA

2. Mocións.....	3
2.1 10/MOC-000109 (0039422).....	3
(0039422) Entrada da iniciativa.....	4
(0039660) Emendas dos grupos parlamentarios	6
(0039684) Emendas dos grupos parlamentarios	8
2.3 10/MOC-000111 (0039426).....	10
(0039426) Entrada da iniciativa.....	11
(0039681) Emendas dos grupos parlamentarios	13
3. Proposicións non de lei ante o pleno.....	15
3.1 10/PNP-001974 (0027687).....	15
(0027687) Entrada da iniciativa.....	16
(0039682) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
3.2 10/PNP-002729 (0036685).....	21
(0036685) Entrada da iniciativa.....	22
(0039652) Emendas dos Grupos Parlamentarios	25
(0039680) Emendas dos Grupos Parlamentarios	26
(0039683) Emendas dos Grupos Parlamentarios	28
3.3 10/PNP-002743 (0036781).....	30
(0036781) Entrada da iniciativa.....	31
(0039651) Emendas dos Grupos Parlamentarios	33
(0039661) Emendas dos Grupos Parlamentarios	35
3.5 10/PNP-002852 (0038443).....	37
(0038443) Entrada da iniciativa.....	38
(0039674) Emendas dos Grupos Parlamentarios	42
3.6 10/PNP-002860 (0038578).....	43
(0038578) Entrada da iniciativa.....	44
(0039653) Emendas dos Grupos Parlamentarios	48
(0039679) Emendas dos Grupos Parlamentarios	50
3.7 10/PNP-002902 (0039067).....	52
(0039067) Entrada da iniciativa.....	53
(0039671) Emendas dos Grupos Parlamentarios	57
3.8 10/PNP-002913 (0039126).....	59
(0039126) Entrada da iniciativa.....	60
(0039650) Emendas dos Grupos Parlamentarios	63
(0039662) Emendas dos Grupos Parlamentarios	65
(0039663) Emendas dos Grupos Parlamentarios	67

Acordo da Mesa do 5.11.2018 relativo ao doc. núm. 39663

2. MOCIÓN.

2.1 10/MOC-000109 (0039422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 37366, publicada no BOPG n.º 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

(0039422) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 23 de outubro de 2018, sobre a política do Goberno galego en materia de estradas (doc. núm. 37366).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Aprobar, antes de xuño de 2019, conforme ao previsto na lexislación vixente, o Plan director de estradas de Galicia, logo da tramitación parlamentaria procedente, de acordo co establecido no artigo 14.3 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia.

2ª) Remitir o Parlamento de Galicia a planificación de actuacións que, en desenvolvemento do plan MOVE, ten previsto levar a cabo o Goberno galego durante esta lexislatura.

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/10/2018 14:02:05

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/10/2018 14:02:15



(0039660) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Moción**, doc. núm. **39422 [10/MOC-000109]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de estradas. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 37366, publicada no BOPG n.º 365, do 03.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir ao texto da moción os seguintes puntos

“3. Elaborar e aprobar, coa participación de todas as institucións e sectores afectados e logo da correspondente tramitación parlamentaria, un Plan Director de Mobilidade Sustentábel, Saudábel e Segura que teña en conta todas as formas de mobilidade: motorizada, peonil, ciclista, ferrocarril e transporte de ría. O citado plan deberá estar aprobado no ano 2019 e terá como horizonte final o ano 2030. Os seus obxectivos e liñas estratéxicas deberán estar aliñadas coa Estratexia Galega polo Desenvolvemento Sustentábel e de Loita contra o Cambio Climático.

4. Elaborar un Plan sectorial de estradas para os viais de competencia autonómica e local centrado na seguridade viaria, a accesibilidade e na protección dos usuarios máis vulnerábeis das estradas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp_bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:53
Nº Rexistro: 39660
Data envío: 05/11/2018 17:53:52.712

5. Promover bonificacións nas autovías de titularidade autonómica con peaxe, A55 Coruña-Carballo e A57 Vigo-Val Miñor, aplicando descontos de ata o 50% na viaxe de volta cando ida e volta se efectúan o mesmo día, así como bonificacións progresivas para quen fai un uso frecuente en función do número de viaxes efectuadas ao longo do mes, cun maior desconto para nas persoas usuarias que máis teñen que utilizar a autoestrada por razóns laborais e de acceso a servizos públicos. Asemade, realizarase un estudo coa finalidade de eliminar a peaxe nestas autovías.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 12:53:40

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 12:53:44



(0039684) Emendas dos grupos parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Moción, doc. núm. 39422, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre as actuacións que debe leaar a cabo o Goberno galego en materia de estradas, incluída na orde do día da sesión plenaria do 6 de novembro de 2018. (10/MOC-000109)

EMENDA DE ADICIÓN

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva:

“3.-Elaborar un informe que de conta do descenso orzamentario e a falta de execución das partidas de Fomento para Galicia durante os anos de Goberno de M. Rajoy, co obxectivo de solicitar ao novo Goberno do Estado, a modo compensatorio, un plan específico de investimentos en Galicia para actuar nas infraestruturas de competencia estatal.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:18
Nº Rexistro: 39684
Data envío: 05/11/2018 18:18:13.375

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/11/2018 18:17:22

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 18:17:32



2.3 10/MOC-000111 (0039426)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 35901, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018)

(0039426) Entrada da iniciativa



A MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para a substanciación da Interpelación 10/INT-001193 (35901) sobre a política do SERGAS en materia de contratación do persoal.**

- Elaborar un Plan de mellora da Atención Primaria, dotándoa de persoal, equipamento e acceso aos recursos orzamentarios necesarios para garantir políticas de promoción e prevención da saúde, así como unha asistencia de calidade, recuperando as xerencias de Atención Primaria para unha mellora da capacidade decisoria e de xestión.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de equipos completos (Profesional de enfermería e medicina).
- Dar cumprimento ás Directivas Europeas en materia de tempos de traballo do persoal dos Puntos de Atención Continuada.
- Dotar os Puntos de Atención Continuada de persoal suficiente en función de criterios obxectivos baseados na carga asistencia, dispersión, distribución etaria, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061.
- Mudar o actual cómputo horario do persoal dos Puntos de Atención Continuada de maneira que non se contabilicen as incapacidades temporais e permisos retribuídos como tempo non traballado.



- Elaborar un plan de continxencias que permita manter persoal dispoñible en todo o momento para poder cubrir as ausencias.

Santiago de Compostela 26 de Outubro de 2018

Asdo: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/10/2018 17:37:13

Luis Villares Naveira na data 26/10/2018 17:37:27



(0039681) Emendas dos grupos parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:09
Nº Rexistro: 39681
Data envío: 05/11/2018 18:09:06.606

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **39426 [10/MOC-002913]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa política do Sergas en materia de contratación de persoal. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 35901, publicada no BOPG n.º 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 23.10.2018), incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte punto:

“Iniciar de inmediato na Mesa Sectorial do SERGAS a negociación da recuperación dos acordos de mellora de condicións de traballo e salariais, conxelados desde o ano 2010.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:09
Nº Rexistro: 39681
Data envío: 05/11/2018 18:09:06.606

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 16:46:27

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 16:46:32



3. PROPOSICIÓN NON DE LEI ANTE O PLENO.

3.1 10/PNP-001974 (0027687)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro



(0027687) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O persoal sanitario e non sanitario das urxencias do CHUS, leva xa moito tempo denunciando a situación total de descontrol e abandono na que se atopan estas urxencias.

Denuncian a falta de medios, tanto de persoal como de material, que provoca situacións de moitas tensión entre o persoal das urxencias que ve como ante a desidia da dirección do hospital, empeora a calidade asistencial repercutindo non só nas doentes e nos doentes, se non tamén nas condicións laborais e carga de traballo do propio persoal.

As ratios de pacientes que teñen son superiores ás que poden levar, pero esa circunstancia non impide que teñan as ratios de persoal máis baixas que hospitais cos que se poidan comparar como o CHUAC ou o CHUVI, que xa de por si, atópanse tamén bastante saturados e faltos de persoal.

En canto ao material, denuncia que están a traballar con aparatos de fai 20 anos, que dado o uso continuo ao que se someten en urxencias, atópanse nunhas condicións lamentables, que no mellor dos casos intentan ser solucionadas con reparacións e pezas de recambio, que nin de lonxe supoñen unha solución ao problema, pois volven a avariarse cada pouco tempo.



Pese ás reunións mantidas coa dirección e a xerencia, na que foron trasladadas as demandas mínimas que xa non podían adiarse máis, sendo recoñecido pola propia dirección a mala situación, as cuestións comprometidas seguen sen levarse a cabo pese a existir partidas habilitadas para tal fin, segundo a información dada pola propia xerencia en maio do ano pasado, en relación a actualización do servizo de raios.

Esta situación de falta de inversión nas urxencias, resulta totalmente inadmisíbel tanto polo empeoramento da calidade asistencial da sanidade pública como das condicións laborais do persoal, sobre todo tendo en conta que a dirección e a xerencia son plenamente coñecedoras da situación denunciada.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dotar as urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago dos medios materiais e humanos necesarios demandados polo persoal do centro.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2018

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea.

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2018 10:50
Nº Rexistro: 27687
Data envío: 12/03/2018 10:50:02.083



Eva Solla Fernández na data 12/03/2018 10:46:54

Luis Villares Naveira na data 12/03/2018 10:47:01



(0039682) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:09
Nº Rexistro: 39682
Data envío: 05/11/2018 18:09:15.652

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **27687 [10/PNP-001974]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a dotación pola Xunta de Galicia do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela dos medios humanos e materiais necesarios demandados polo persoal do centro, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“-Elaboración dun Plan Funcional negociado coa Comisión de Centro e acordado co equipo multidisciplinar, adaptado á realidade asistencial e que contemple a utilización do 100% do espazo na área de urxencias con dotación de persoal de maneira estábel.

-Creación dun grupo de traballo de avaliación continua.

-Elaboración de protocolos para a asistencia de doentes pendentes de ingresos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:09
Nº Rexistro: 39682
Data envío: 05/11/2018 18:09:15.652

-Priorización das interconsultas que sexan urxentes.

-Cobertura do 100% ds ausencias d@s traballadores/as.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 17:03:54

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 17:03:58



3.2 10/PNP-002729 (0036685)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Vega Pérez

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar



(0036685) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36685
Data envío: 13/09/2018 14:45:35.186

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O proceso do BREXIT trouxo como consecuencia a supresión do Laboratorio Comunitario de Referencia para o seguimento dos contaminantes virais e bacteriolóxicos dos moluscos bivalvos, actualmente outorgado a un centro situado no Reino Unido.

Supostamente, razóns de carácter organizativas e económicas levaron á Comisión Europea e aos Estados membros a disgregar as súas funcións en catro centros por toda Europa en función dos seus cometidos e especialidades, entre os que se atopa o laboratorio español encargado deste cometido, situado en Vigo, e que é, ademais, Laboratorio Nacional de Referencia nesta materia.

Nun futuro post BREXIT, o cometido deste Laboratorio sería dar seguimento e control ás zonas de produción, materia na que Galicia dispón dunha ampla experiencia (a través do INTECMAR), derivada da circunstancia de que a nosa comunidade autónoma posúa a maior produción de moluscos bivalvos a nivel europeo.

A necesidade de que o Goberno de España e a Xunta de Galicia aproveiten sinerxías e colaboren no cumprimento da lexislación comunitaria para o control das zonas de produción de moluscos bivalvos, motivou que Galicia se ofrecese a apoiar na realización dos cometidos encargados de alcance nacional.

Un ofrecemento que se plasmaría nun Protocolo entre a AECOSAN (responsable do Laboratorio) e o INTECMAR, no marco do que ambos acordarían coordinar accións e intercambiar coñecementos cara a unha maior eficacia nos distintos campos de acción. En concreto:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36685
 Data envío: 13/09/2018 14:45:35.186

- A AECOSAN designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción.
- INTECMAR comprometéase a:
 - Facilitar o acceso ás mostras necesarias para a organización de ensaios interlaboratorios comparados ou ensaios de aptitude periódicos que o Laboratorio Comunitario de Referencia necesite.
 - Aceptar visitas formativas para o persoal do Laboratorio Comunitario de Referencia e compartir a experiencia xestora nas zonas de produción en Galicia coa AECOSAN.
 - Cumprir coas funcións e responsabilidades do Laboratorio Comunitario de Referencia de Moluscos Bivalvos

No momento do cambio de Goberno Central o Protocolo estaba redactado e en estudo para a súa tramitación por parte do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social.

Ante o cambio acaecido no Goberno Central, o Grupo Parlamentario Popular presenta o seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social a darlle continuidade á tramitación e a adecuar definitivamente, para proceder á súa posterior sinatura e aplicación, do Protocolo entre a AECOSAN e o INTECMAR designaba ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional, para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción”.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 14:41:06

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
 gp-pp@parlamentodegalicia.es
 www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 36685
Data envío: 13/09/2018 14:45:35.186

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 14:41:14

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 14:41:22

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 14:41:28

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 14:41:36

Marta Rodríguez Arias na data 13/09/2018 14:41:43

María Soraya Salorio Porral na data 13/09/2018 14:41:53

Daniel Vega Pérez na data 13/09/2018 14:41:59



(0039652) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar (10/PNP-002729, documento número 36685).

Emenda de adición

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da iniciativa que quedará redactado co seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar un informe que inclúa toda a documentación e material elaborado para aspirar a acoller en Galicia o laboratorio europeo de control bacteriolóxico de bivalvos, e que refira todas as xuntanzas realizadas ao respecto coas persoas involucradas no proceso.”

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 05/11/2018 16:25:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 16:25:31



(0039680) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:08
Nº Rexistro: 39680
 Data envío: 05/11/2018 18:08:57.695

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **36685 [10/PNP-002729]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte punto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a presentar un informe a este Parlamento no que consten as causas de non terse asinado aínda o protocolo para nomear ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia a nivel estatal para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción, toda vez que, segundo se manifesta, o mesmo estaba redactado hai cinco meses.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:08
Nº Rexistro: 39680
Data envío: 05/11/2018 18:08:57.695

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 17:06:06

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 17:06:11



(0039683) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Julia Torregrosa Sañudo** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda de modificación á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular núm. 36685 (10/PNP 002729)**, sobre o impulso pola Xunta de Galicia das accións destinadas ao asinamento e aplicación do protocolo entre Aecosan e Intecmar, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 6 e 7 de novembro de 2018.

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Ministerio de Sanidad Consumo y Bienestar Social para tramitar a sinatura e aplicación do protocolo entre AECOSAN e o INTECMAR que permita designar ao INTECMAR como Laboratorio Nacional de Referencia, no ámbito nacional para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción. Esta tramitación incluírá un informe que será ademais remitido a este parlamento, que recolla a certificación de todas as xestións realizadas por parte da Xunta de Galicia para acoller no noso territorio o laboratorio europeo de control bacteriolóxico e bivalvos, perante a UE e o Estado, así como a documentación das xuntanzas realizadas con este obxectivo.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:15
Nº Rexistro: 39683
Data envío: 05/11/2018 18:15:43.494

Asdo: Julia Torregrosa Sañudo
Deputada do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Julia Torregrosa Sañudo na data 05/11/2018 18:14:25

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 18:14:37



3.3 10/PNP-002743 (0036781)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - José Alberto Pazos Couñago
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Teresa Egerique Mosquera
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela



(0036781) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 36781
Data envío: 13/09/2018 18:15:40.705

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas **Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, M^a Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A supresión da peaxe entre Vigo e Redondela é unha reivindicación do conxunto do tecido social, político e empresarial da comarca de Redondela, e moi especialmente da localidade de Chapela, principal poboación afectada pola recente ampliación da capacidade da AP-9.

O conxunto da veciñanza desta comarca, entende que está a sufrir unha situación discriminatoria dende que no ano 2011 o Goberno bipartito presidido polo Sr. Touriño, impulsase a eliminación do pago da peaxe da AP-9 entre Vigo e o Morrazo, coa única excepción de Redondela.

O Parlamento de Galicia acordou por unanimidade, instar á Xunta de Galicia a formular no marco da Comisión para a xestión da AP-9 "fórmulas para suprimir a peaxe de Rande en condicións de uso equiparables ao tramo da AP-9 comprendido entre Vigo e O Morrazo"

Na xuntanza desa comisión, celebrada o 23 de xaneiro de 2018, a Xunta de Galicia deu cumprimento a ese mandato parlamentario, e o entón Ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, anunciaba o comezo das xestións para eliminar esa peaxe cuxo fin comprometeu na contorna do pasado verán.

Tras a moción de censura que levou á Presidencia do Goberno a Don Pedro Sánchez, o novo ministro de Fomento, o Sr. Ábalos cuestionou, con argumentos que se acreditaron falsos, o traballo realizado polo anterior executivo, anunciando o adiamento "sine die" da fin da peaxe de Rande.

Por todo elo o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a requirir ao Goberno do Estado a concreción do prazo e fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela".



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2018 18:15
Nº Rexistro: 36781
Data envío: 13/09/2018 18:15:40.705

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 13/09/2018 17:59:13

Alberto Pazos Couñago na data 13/09/2018 17:59:23

Teresa Egerique Mosquera na data 13/09/2018 17:59:38

María Ángeles García Míguez na data 13/09/2018 17:59:58

Martín Fernández Prado na data 13/09/2018 18:00:06

Jaime Castiñeira Broz na data 13/09/2018 18:00:20

Jacobo Moreira Ferro na data 13/09/2018 18:00:27

Marta Novoa Iglesias na data 13/09/2018 18:00:44

María Julia Rodríguez Barreira na data 13/09/2018 18:00:59

Gonzalo Trenor López na data 13/09/2018 18:01:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 13/09/2018 18:01:19

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



(0039651) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 36781, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela, incluída na orde do día da sesión plenaria do 6 de novembro de 2018. (10/PNP-002743).

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débase substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

- 1) Que demande ao Goberno do Estado a eliminación da peaxe de Redondela sen que iso supoña un sobrecoste para os usuarios da AP9.
- 2) Que no prazo de 3 meses elabore un estudo da viabilidade do rescate da AP-9 para o público, contemplando o seu custe económico, o valor económico do rescate, un estudo de viabilidade, o seu impacto tarifario para o público e as alternativas para o seu financiamento.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Vicevoceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:01
Nº Rexistro: 39651
Data envío: 05/11/2018 17:01:27.029



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 05/11/2018 16:52:31



(0039661) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/11/2018 17:54
 Nº Rexistro: 39661
 Data envío: 05/11/2018 17:54:00.316

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **36781 [10/PNP-002743]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a demanda ao Goberno do Estado para a concreción do prazo e da fórmula elixidos para a supresión da peaxe de Redondela, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de substitución

Substituír o texto orixinal polo seguinte:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a

1. Requirir do goberno do Estado para que a máis tardar no primeiro trimestre de 2019 faga efectiva a supresión da peaxe da AP 9 entre Redondela e Vigo, asumindo o custe desta supresión con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
2. Reclamar do goberno do Estado que se dirixa a AUDASA para que no prazo máximo de 6 meses de instalen os sistemas de protección acústica nas parroquias de Chapela e Teis, así como en todas as demais zonas en que se detectaron niveis elevados de contaminación acústica.
3. Acordar co Ministerio de Fomento e co concello de Vigo, contando coa participación das entidades veciñais de Teis e Chapela, a realización dos estudos de mobilidade e os proxectos técnicos para a conversión en vía urbana do acceso a Vigo



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 39661
 Data envío: 05/11/2018 17:54:00.316



REGISTRADO
 Nº 177041212
 04/2005
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

desde a AP 9 á altura das Torres de Padín (límite entre os concellos de Vigo e Redondela).

4. Demandar ao Ministerio de Fomento que se axilicen e se leven a cabo en Traasmañó e Chapela as obras de mellora da mobilidade e da calidade urbana comprometidas polo goberno do Estado e AUDASA como consecuencia do impacto negativo da ampliación da AP 9.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**
 Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
 Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/11/2018 12:54:57

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 12:55:02



3.5 10/PNP-002852 (0038443)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación



(0038443) Entrada da iniciativa



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Diario Oficial de Galiza do luns 19 de marzo de 2018 recollíase a publicación da Resolución do 26 de febreiro de 2018, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural (BIC), coa categoría de xardín histórico, o Parque do Pasatempo de Betanzos, que iniciaba o procedemento para declarar coma Ben de Interese Cultural o parque betanceiro do Pasatempo.

Segundo o procedemento previsto, o prazo máximo para a declaración coma BIC será de 24 meses, a contar desde a publicación desta Resolución que incoa o procedemento. Isto é, alongarase, previsiblemente, ata o 26 de febreiro de 2020. En todo este tempo, o Concello de Betanzos vense negando a realizar as máis elementais tarefas de conservación- e aínda de reposición do mural do Estanque da Gruta que se desprendeu a principios de febreiro do pasado 2017- argumentando que todas as actuacións se farán da man dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio en canto se declare, de chegar o caso, BIC o conxunto do xardín histórico. Quere dicir isto que tais



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443
 Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539



REGISTRADO
 Nº 177041212
 09/02/09
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

actuacións elementais de conservación e profilaxe adiaranse, segundo parecer do Concello, até marzo de 2020 cando menos.

Contrasta esta negativa a actuar coa diagnose existente no propio Concello co estado de conservación do parque, pormenorizada nun anteproxecto de actuacións asinado por varios arquitectos e expertos en patrimonio xa no ano 2016, que urxía a actuar sobre problemas de filtracións, humidades, fendas e outras ameazas directas para a conservación do parque, como a estrada de circunvalación que discorre pegada a el ou a pasarela de ferro que descansa sobre o muro que parcialmente se veu abaixo.

Dito proxecto taxaba en torno a 1,3 millóns de euros a rehabilitación do Pasatempo. Desa contía, a Deputación da Coruña comprometeu o pasado 23 de marzo, 598.998,40 euros que se destinarán ás obras de rehabilitación do que Luís Seoane cualificara de "parque enciclopédico". O pasado 25 de setembro o Concello de Betanzos aprobou destinar 200 000 euros do remanente do anterior exercicio a estes mesmos traballos. Os orzamentos municipais prevían 160 000 euros para a redacción do proxecto de rehabilitación, se ben, segundo a Alcaldía, tal gasto non será preciso posto que a Dirección Xeral de Patrimonio tería realizado o compromiso de correr con dita redacción pola súa conta en paralelo á tramitación do expediente incoado de cara á declaración como BIC do Pasatempo.

Así as cousas, de ser certas todas estas cuestións que neste grupo coñecemos por referencias e comunicados de prensa dos gobernos galego e betanceiro, estaríamos en que non habería proxecto para rehabilitar, cando menos, ate o segundo semestre do 2020 e aínda habería que licitar a obra e executar os traballos. Un tempo moi excesivo, ao noso entender, para garantir a conservación axeitada do centenario parque que complica a súa conservación e, desde logo e á vista do acontecido nos últimos anos, complicará a súa rehabilitación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443
 Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539



REGISTRADO
 Nº 177044212P
 09/02/2009
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp_bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

-Tramitar por trámite de urxencia a declaración de ben de interese cultural do Pasatempo, e reducir os prazos á metade para garantir unha pronta protección.

-Incluír fondos suficientes para executar a rehabilitación do Pasatempo a tres bandas, xunto co Concello e a Deputación consonte aos compromisos anunciados por todos estes gobernos.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2018 17:53
Nº Rexistro: 38443
Data envío: 09/10/2018 17:53:40.539

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/10/2018 17:52:34

Xosé Luis Bará Torres na data 09/10/2018 17:52:40

María Montserrat Prado Cores na data 09/10/2018 17:52:43

Noa Presas Bergantiños na data 09/10/2018 17:52:45

Olalla Rodil Fernández na data 09/10/2018 17:52:49

Ana Pontón Mondelo na data 09/10/2018 17:52:52



(0039674) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:07
Nº Rexistro: 39674
 Data envío: 05/11/2018 18:07:10.860

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada, **María Antón Vilasánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **38443 (10/PNP-002852)**, Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa tramitación do expediente para declarar o parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, así como o financiamento das obras para a súa rehabilitación

Emenda de substitución:

Débase substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1- Axilizar a declaración de Ben de Interese Cultural do Parque do Pasatempo, reducindo na medida do posible os prazos de tramitación.
- 2- Prestar apoio técnico ao Concello de Betanzos para a elaboración do proxecto de rehabilitación e colaborar, economicamente e na procura de apoios financeiros, para garantir a súa pronta recuperación”.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/11/2018 17:55:41

Maria Antón Vilasánchez na data 05/11/2018 17:55:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
 15701 Santiago de Compostela
 T. 981 551 510 F. 981 551 422
 gp-pp@parlamentodegalicia.es
 www.ppdeg Galicia.com



3.6 10/PNP-002860 (0038578)

Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Julia Torregrosa Sañudo
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar



(0038578) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa das súas deputadas Paula Quintero Araújo e Julia Torregrosa Sañudo e do seu deputado Manuel Lago Peñas, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A situación das traballadoras e traballadores do sector dos produtos do mar con procesos de conxelación e refrixeración está marcada pola precariedade e polos baixos salarios. A pesar de que a industria de transformación de produtos derivados do mar é unha das máis importantes do noso país, que ten o peso maioritario do sector a nivel estatal. Hai que ter presente que o 75% do sector atópase en Galiza e que a súa patronal maioritaria ten sede en Vigo.

O convenio estatal de produtos elaborados do mar con procesos de conxelación e refrixeración, que expirou en 2015, marca unhas condicións que deben mellorarse de inmediato, xa que se trata dun dos máis precarios de todo o ámbito da alimentación, con xornadas laborais superiores ás 40 horas semanais, salarios que superan escasamente os 800 euros mensuais de media e cuns ritmos de produción moi altos.

A precariedade incide especialmente coa extensión de formas de subcontratación que implican recorte de dereitos. Así, o traballo temporal está cada vez máis presente no sector, coa implantación de novas fórmulas abusivas como as empresas multiservizos ou as falsas cooperativas. Nalgúns centros de traballo é



moito maior a porcentaxe de traballadores de ETT que os contratados pola empresa principal.

A negociación do convenio leva anos paralizada, xa que a patronal négase a atender as reivindicacións dos traballadores e traballadoras. Unhas reivindicacións tan básicas coma que se contabilice o tempo de descanso para a comida como tempo de traballo, uns 20 minutos que si se contabilizan noutros convenios colectivos. Resulta inadmisibile tamén que se continúe sen pagar o plus de nocturnidade ás traballadoras que realizan este traballo en horario nocturno.

Polo tipo de actividade, este sector presenta grandes riscos para a saúde e a seguridade das traballadoras, que se ven cada día expostas a unha longa lista de ameazas asociadas a diferentes procesos: uso de ferramentas afiadas, frecuente contacto coa auga na propia actividade do manipulado, traballo en pavimentos e superficies esvaradizas, continua exposición ao frío, ambientes moi húmidos. Agravado todo elo por uns ritmos de traballo a velocidades de vertixe. É por iso que se reivindica un plus de refrixeración.

Ademais, as actuais táboas salariais están por debaixo dos 14.000 euros anuais que fixa o Acordo Estatal de Negociación Colectiva asinado este ano. As traballadoras levan vendo desde o 2010 como vai diminuíndo o seu poder adquisitivo, ao non acadar sequera o incremento do IPC . Perante esta situación, nas negociacións do novo convenio a patronal do sector non ofertaba ningunha cláusula de revisión salarial, senón subidas por debaixo do IPC.

Por todo o anterior preséntase a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Actuar no conflito laboral do sector de elaborados do mar a través da Consellería competente, que debe adoptar un papel activo de mediación entre a representación legal das traballadoras e a patronal Conxemar para acadar un



acordo nun convenio colectivo que mellore os salarios, a calidade do emprego, as condicións de traballo, reduza a temporalidade e limite o abuso da subcontratación.

2. Realizar un estudo sobre as condicións laborais neste sector, atendendo especialmente ás situacións de subcontratación e á existencia de riscos laborais con consecuencias na saúde das traballadoras. Ese estudo debería ter necesariamente unha perspectiva de xénero que afondase na existencia dunha fenda salarial e noutras discriminacións por razón de xénero nun sector tan feminizado coma este.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Julia Torregrosa Sañudo

Manuel Lago Peñas

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 12:37
Nº Rexistro: 38578
Data envío: 11/10/2018 12:37:46.007



Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2018 12:22:22

Julia Torregrosa Sañudo na data 11/10/2018 12:22:38

José Manuel Lago Peñas na data 11/10/2018 12:22:51

Luis Villares Naveira na data 11/10/2018 12:23:01



(0039653) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar (doc. núm. 38578).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:

3. Desenvolver un plan específico de apoio á formación das traballadoras do sector de elaborados do mar.
4. Desenvolver un protocolo de actuación que se aplique a aqueles sectores fortemente feminizados, que obrigue aos beneficiarios das concesións de axudas públicas a garantir unhas condicións laborais axeitadas e que facilite a conciliación da vida laboral e familiar.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 05/11/2018 16:24:47

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 16:25:00



(0039679) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:08
Nº Rexistro: 39679
Data envío: 05/11/2018 18:08:48.322

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **38578 [10/PNP-002860]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e salariais existentes no sector da conxelación e refrixeración dos produtos do mar, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir os seguintes puntos:

“3.- Que faga valer as cuantiosas axudas públicas que recibe a patronal, Conxemar, para esixir unhas condicións laborais dignas, tanto en salarios como en horarios, así como medidas de conciliación.

4.- Establecer cláusulas sociais nas axudas públicas, que obriguen ás empresas beneficiarias a garantir condicións laborais dignas e respectar o dereito á negociación colectiva.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 18:08
Nº Rexistro: 39679
Data envío: 05/11/2018 18:08:48.322

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/11/2018 16:49:29

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 16:49:33



3.7 10/PNP-002902 (0039067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Luis Manuel Álvarez Martínez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar



(0039067) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, publicado no DOG do 6 de febreiro de 2007, regulou o funcionamento dos comedores escolares nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, substituindo a normativa anterior que databa, aínda que con modificacións, do ano 1984 xa que este servizo complementario viña regulado polo Decreto 16/1984.

Esa normativa, o Decreto 10/2007, xustificouse sobre a base de que a realidade social demandaba das administracións públicas unha nova regulamentación do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos, especialmente para garantir a efectividade da educación obrigatoria dentro dos principios de igualdade, en especial entre homes e mulleres, e solidariedade.

Menos dun mes despois, o día 5 de marzo de 2007, publicábase no DOG a Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que desenvolvía o Decreto 10/2007.

O día 13 de agosto de 2013 publícase no DOG o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, que na súa exposición de motivos expón que a consellería, consciente dos cambios socioeconómicos operados na sociedade galega que demanda medidas concretas en materia de conciliación da vida laboral e familiar, pretende pór en marcha un plan en materia de comedores escolares que, co obxectivo de dar resposta á demanda social de prestación do servizo existente, de xeito gradual acade, entre outros, o obxectivo de implicar na xestión do servizo, mediante as fórmulas de cooperación e colaboración previstas no marco xurídico actual, a totalidade de administracións públicas con competencias concorrentes neste eido, os colectivos e asociacións afectados e, en definitiva, as propias familias.



Este novo marco normativo carece do necesario desenvolvemento o que está dando lugar a que se veña aplicando a Orde do 21 de febreiro de 2007 que, como é obvio, corresponde a un marco distinto ao do Decreto 132/2013.

Podemos ver que no artigo 2º do Decreto 10/2007 se establecen as modalidades de prestación do servizo que son distintas ás que se establecen no artigo 2º do Decreto 132/2013 modalidades de xestión do servizo de comedor escolar; así, o artigo 2º.3 do Decreto 10/2007 considera unha excepción a colaboración da Administración educativa con concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións, mentres que o artigo 2º.1.e do Decreto 132/2007 establece como unha modalidade a xestión do comedor escolar por entidades privadas sen ánimo de lucro, responsables da contratación e xestión integral do servizo, autorizadas para o efecto pola consellería competente en materia de educación, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións con que esta, se é o caso, poderá establecer fórmulas de colaboración mutua.

Por parte da Federación das ANPA de centros públicos da provincia de Pontevedra (FANPA) solicitouse autorización para poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón de Pontevedra, solicitude que foi denegada sobre a base de que o consello escolar deste centro acordou non aceptar esa proposta.

Simultaneamente, atopámonos con que outro centro, o CEP Campolongo, está disposto a acoller no seu comedor a exalumnos do centro que cursan os estudos de educación secundaria obrigatoria noutros centros, circunstancia prevista pola Administración tanto na Instrución 1/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 8º) como na Instrución 2/2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 4 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2018-2019 (no seu apartado 9º), sobre o uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros.

Vemos que con estes dous exemplos a resposta dos centros determina o funcionamento ou non dun servizo que a propia Administración considera esencial.



Con independencia da resolución que no ámbito administrativo ou contencioso-administrativo se produza do recurso interposto pola FANPA ante a resposta negativa da Administración á súa pretensión de poñer en funcionamento un servizo de comedor escolar no IES Sánchez Cantón, atopámonos ante un feito que supón a imposibilidade de dar cumprimento a unha posibilidade contemplada na Lei por inadecuación do marco normativo de desenvolvemento, ao aplicar unha normativa que contempla como excepción algo que xa non o é.

Parece pois necesario, a xuízo deste grupo parlamentario, que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional regule o desenvolvemento do Decreto 132/2013 para que non se produzan situacións como a descrita en Pontevedra. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a desenvolver, antes do remate do curso 2018/2019, o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/10/2018 13:25:58

María de la Concepción Burgo López na data 18/10/2018 13:26:09

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/10/2018 13:26:20

María Luisa Pierres López na data 18/10/2018 13:26:27

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 13:26:35

(0039671) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. **39067**, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, antes do remate do curso 2018-2019, do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, de xeito que se garanta de forma efectiva a posibilidade de prestar distintas modalidades de xestión do servizo de comedor escolar, incluída na orde do día da sesión plenaria do 6 de novembro de 2018. (10/PNP-002902).

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1. Defenda o dereito de todos os nenos e nenas de Galicia a ter unha alimentación de calidade independentemente da escola na que estuden, garantindo as prazas necesarias de comedores públicos en todos os centros escolares de Galicia.
2. Recupere a xestión directa dos comedores escolares por parte da Consellería de Educación primando os alimentos frescos e de proximidade.



3. Faga un chamamento a toda a comunidade educativa para establecer unha mesa polos comedores escolares que permita consensuar un único modelo de comedores escolares para todo o país.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 05/11/2018 18:04:16

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 18:04:24



3.8 10/PNP-002913 (0039126)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Otero Rodríguez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Abel Fermín Losada
Álvarez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz
Villoslada

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco

Sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia



(0039126) Entrada da iniciativa



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Otero Rodríguez, Abel Losada Alvarez, Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez, Juan Manuel Díaz Villoslada e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

A empresa Alcoa vén de anunciar o día 17 de outubro o peche das súas plantas de A Coruña e Avilés. Esta medida afectará a 369 persoas traballadoras en Galicia. As razóns esgrimidas pola empresa céntranse nas perdas rexistradas no proceso produtivo. Iniciarán un procedemento de despido colectivo, nas súas plantas, en teoría menos produtivas, debido a problemas estruturais intrínsecos.

A empresa comunicou a súa decisión á Xunta de Galicia e aos sindicatos, e xustifica a súa decisión por razóns técnicas e de custes de produción, sendo o prezo da materia prima e da enerxía os mais relevantes, ademais dunha tecnoloxía menos eficiente.

Ante esta grave situación, os socialistas consideramos que fai falla o compromiso de todos os responsables públicos, do goberno de España, pero tamén dunha Xunta ausente en política industrial, que permita promover unha senda de futuro que permita manter a produción e o emprego na Coruña.

Lamentablemente, non é a primeira vez que a empresa anuncia o peche destas instalacións, xa a finais de 2014, presentou un expediente de regulación de emprego (ERE) de extinción para os cerca de 800 persoas traballadoras da Coruña e Avilés. Despois, en 2016, a multinacional ameazou con vender as súas fábricas. Lamentablemente os gobernos non foron quen nestes dous momentos de dar unha resposta satisfactoria as pretensións da empresa.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as xestións pertinentes de cara evitar o peche dos centros de produción que Alcoa ten na nosa Comunidade Autónoma, así como o mantemento dos postos de traballo que a empresa ten en Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Patricia Otero Rodríguez
 Abel Losada Álvarez
 Julio Torrado Quintela
 Noela Blanco Rodríguez
 Juan Manuel Díaz Villoslada
 José Manuel Pérez Seco
 Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
 Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 18/10/2018 18:04:01

Abel Fermín Losada Álvarez na data 18/10/2018 18:04:08

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2018 18:04:14

Noela Blanco Rodríguez na data 18/10/2018 18:04:20

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 18/10/2018 18:04:24

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Jóse Manuel Pérez Seco na data 18/10/2018 18:04:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2018 18:04:33



(0039650) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei deste grupo parlamentario, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia (doc. núm. 39126).

Emenda de adición

Débese engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

O Parlamento de Galicia apoia *a proposta para a continuidade das plantas de aluminio primario que Alcoa ten en Avilés e A Coruña*, presentada polo Comité de Empresa de Alcoa Inespal Coruña, S.L, o pasado 30 de outubro de 2018, perante a Delegación do Goberno en Galicia.

Pazo do Parlamento, 5 de novembro de 2018



Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 05/11/2018 14:22:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/11/2018 14:22:30



(0039662) Emendas dos Grupos Parlamentarios



OFICINA PARLAMENTAR
 Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
 REXISTRO XERAL ENTRADA
 Data asento: 05/11/2018 17:54
 Nº Rexistro: 39662
 Data envío: 05/11/2018 17:54:10.876

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **39126 [10/PNP-002913]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 6 de novembro de 2018.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

“A comezar por implicarse na consecución dos puntos acordados no Parlamento Galego no Pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de empresa á Xunta de Galiza con data de rexistro do 30 de outubro de 2018. De forma especial, a Xunta deberá:

- a) insistir á compañía Alcoa para que retire o expediente de extinción de emprego
- b) impulsar de forma inmediata a constitución dunha mesa de negociación con todas as partes implicadas para atopar unha solución urxente que garanta o mantemento da actividade empresarial e o emprego, así como implicarse para achegar seguridade e



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2018 17:54
Nº Rexistro: 39662
Data envío: 05/11/2018 17:54:10.876

permitir ao conxunto das empresas electrointensivas competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/11/2018 16:39:51

Ana Pontón Mondelo na data 05/11/2018 16:39:57



(0039663) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm 39126, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa, incluída na orde do día da sesión plenaria do 6 de novembro de 2018 (10/PNP-002913).

EMENDA DE ADICIÓN

Para poder dar cumprimento ao punto 1, débense engadir na parte resolutiva da proposta os seguintes puntos:

- “2.- Instar a Alcoa a retirar o expediente de despido colectivo.
- 3.- Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar nunha parada técnica.
- 4.- Creación dunha mesa con todas as partes implicadas para que, no espazo de tempo de 18 meses, xestione un proceso co obxectivo principal da continuidade e viabilidade das plantas de Avilés e A Coruña.
- 5. Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a preparar e establecer, no período de 18 meses, unha nova regulación enerxética (eléctrica) similar a de outros países europeos, que faga viables esta ou outras industrias electrointensivas.



6.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica a vincular a concesión de calquera axuda ás empresas ao mantemento do emprego e instalacións.

7.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica, e que tamén se leve a cabo por parte da Xunta de Galicia, a vixiar e regular a entrada de metal externo de plantas de Alcoa polos portos españois.

8.- Instar a UE a desenvolver aranceis medioambientais baseados na pegada de CO2 dos produtos que entren na UE procedentes de países terceiros. Non pode ser que o aluminio das factorías que Alcoa desenvolveu, como por exemplo a de Ma'aden en Arabia Saudita, cos beneficios obtidos nas plantas de Galicia e Asturias e cos 1.000 M€ de axudas que saíron do peto de todas as persoas consumidoras de electricidade, lle fagan a competencia ás factorías locais. O aluminio de Ma'aden entra masivamente polo porto de Vigo, un aluminio producido a partir de enerxía eléctrica que queima fuel e auga obtida en desalinizadoras que tamén queiman fuel, é dicir cun nivel de emisións de gases de efecto invernadoiro masivas. Este é o verdadeiro motivo estrutural que manexa Alcoa e non a falsa falta de competitividade das factorías galegas ou asturianas.

9.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica á convocatoria e execución inmediata da partida orzamentaria de 2018 de 150 M€ para mellorar a viabilidade da industria electrointensiva.

10.- Instar aos Ministerios de Industria e Transición Ecolóxica que tanto as compensacións mencionadas no apartado anterior como a nova e replantexada poxa de interrumpibilidade, que terá que ser convocada de inmediato para os próximos anos, que compense un verdadeiro servizo de interrumpibilidade, se diferencien en varias categorías de empresas en función do impacto que os custos do subministro eléctrico ten nos seus custos totais de produción. Isto evitará que



compitan empresas nas que a compensación é imprescindible para a súa viabilidade e outras para as que só é unha axuda para o seu desenvolvemento pero non tan crítica para a súa supervivencia.

11.- Instar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a modificar de maneira inmediata a regulación do sector eléctrico para facer competitiva a toda a industria. A primeira medida sacar a produción hidráulica, eólica e nuclear das poxas diarias de enerxía e obrigar a que sexa vendida a longo prazo con prezos xustos e estables. Así mesmo permitírase a contratación bilateral física entre produtores e grandes consumidores como Alcoa.

12.- En caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, desenvolver os estudos legais necesarios para avaliar a posibilidade de presentar unha demanda á compañía para exixir a devolución das axudas recibidas dada a evidencia de que non foron aplicadas aos fins previstos na normativa, garantir a viabilidade da factoría.

13.- Para evitar por todos os medios a parada técnica das factoría, estudar a aplicación do artigo 128.2 da Constitución Española tendo en conta que Alcoa é monopolística na fabricación de aluminio en España.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira


Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 05/11/2018 17:53:52

Luis Villares Naveira na data 05/11/2018 17:54:04



A Mesa do Parlamento, na reunión do 5 de novembro de 2018, en relación coas emendas formuladas ás proposicións non de lei incluídas na orde do día da sesión plenaria do 6 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

— Doc. núm. 39663 emenda formulada polo G.P. de En Marea, á proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia sobre a realización polo Goberno galego das xestións necesarias para evitar o peche dos centros de produción e asegurar o mantemento dos postos de traballo da empresa Alcoa (39126-10/PNP-002913).

A Mesa acorda a admisión a trámite coa substitución, nos puntos 2, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 11 da parte resolutoria, da expresión “Instar a ...” por “ Instar á Xunta de Galicia a instar...”

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1.º

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso, Vicepresidente 1º na data 05/11/2018 19:10:20

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia
Portavoz do G.P. Popular
Portavoz do G.P. de En Marea
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego